



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PANTÓN PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE INVESTIGACIÓN E DOCUMENTACIÓN DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO PREGUNTOIRO 1 E 2 (PANTÓN) NA CAMPAÑA 2021.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar co concello de Pantón, o instrumento conxugal arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2021.

Que o instrumento conxugal ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Concello de Pantón para a realización dunha actuación arqueolóxica de investigación e documentación dos xacementos arqueolóxicos do Preguntoiro 1 e 2 (Pantón) na campaña 2021.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxugal que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





Os xacementos do Preguntoiro 1 e Preguntoiro 2 sitúanse preto do lugar de Cibrisqueiros, na parroquia de San Vicente de Pombeiro, no concello lucense de Pantón. En concreto, estes dos sitios localízanse ao pé do camiño tradicional que transcorre a media ladeira e mirando cara o río Sil, entre os lugares de Cibrisqueiros e San Cosmede, a escasos 200 metros entre si e nos que se localizaron unha serie de elementos histórico-arqueolóxicos que apuntan a súa vinculación coa orixes cristiáns e a fundación dos primeiros mosteiros na Ribeira Sacra.

Nestes momentos o coñecemento sobre ambos sitios é escaso, centrado no primeiro deles que estaría conformado por 4 tumbas antropomorfas, unha pía e unha inscrición rupestre datada na alta idade media, ademais dos restos dunha posible capela. O segundo dos sitios foi descuberto a principios do ano 2021 e todo apunta a que se trata dun eremitorio alto-medieval escavado na rocha.

A nivel de protección o sitio arqueolóxico do Preguntoiro 1 ten a condición de ben catalogado do Patrimonio Cultural de Galicia en base ao artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia, xa que forma parte do catálogo de bens culturais do Plan Básico Autonómico aprobado polo Decreto 83/2018, de 26 de xullo (DOG núm. 162, do 27.08.2018) co GA27041063. O sitio do Preguntoiro 2, dado o seu descubrimento recente, só forma parte do inventario de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural co GA 27041102. Ademais ambos xacementos atópanse no ámbito de protección da Ribeira Sacra, declarada Ben de interese cultural no ano 2018 na categoría de paisaxe cultural (Decreto 166/2018, do 27 de decembro).

Tendo en conta os valores históricos e patrimoniais que aglutinan os xacementos arqueolóxicos de O Preguntoiro 1 e 2 anteriormente referidos, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Pantón consideran de interese realizar traballos arqueolóxicos de investigación e documentación dos referidos xacementos coa finalidade





de favorecer a súa caracterización espacial, cronolóxica e funcional de cara a súa posible futura posta en valor.

Tendo en conta os valores indicados para os devanditos xacementos arqueolóxicos, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Pantón consideran de interese realizar traballos de recuperación patrimonial dos referidos xacementos arqueolóxicos coa finalidade de favorecer a súa investigación, conservación e posta en valor.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

